DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 19 | Venres, 27 de xaneiro de 2023 | Páx. 9502

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

*EXTRACTO da Resolución do 30 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento SI434B) (axudas de indemnización establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).*

BDNS (Identif.): 672025.

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas de indemnización as mulleres maiores de idade ou emancipadas, vítimas de violencia de xénero, e todas as persoas que dependan económica e/ou asistencialmente dunha muller que sufra violencia de xénero.

2. Ademais, entre outros, deberán cumprir os seguintes requisitos: a) non convivir co agresor; b) estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia; c) ter dereito á percepción dunha indemnización por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia; d) que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento; e) que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.

Segundo. *Obxecto*

Estas axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e a súa finalidade é facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego.

CVE-DOG: fxasy7a6-w0j6-ugr5-owg3-ew6qzo5ayuf7

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 30 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento SI434B) (axudas de indemnización establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínase crédito por un importe total de cincuenta e cinco mil euros (55.000,00 €).

A contía destas axudas de indemnización será a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento logo da declaración de insolvencia do obrigado a esta, ata o máximo de 6.000 euros, por cada persoa beneficiaria, excluídos xuros de mora.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de novembro de 2023.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2022

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade

CVE-DOG: fxasy7a6-w0j6-ugr5-owg3-ew6qzo5ayuf7


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia